

EXPTE.: 18L/2015 – O.A. “TERRA DE SANXENXO”: “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN, ASEO, HIXIENE E SIMILARES PARA O SERVIZO DE EMERXENCIA SOCIAL”.

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO ORGANISMO AUTÓNOMO “TERRA DE SANXENXO”

Tramitado o expediente de contratación para a “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN, ASEO, HIXIENE E SIMILARES PARA O SERVIZO DE EMERXENCIA SOCIAL”, e atopándose en fase previa á adxudicación do contrato.

Requirida a documentación a Supermercados Prieto Froiz SA, sinalada na cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, o 4 de novembro de 2015, e con entrada nº 11545, que obtuvo a mellor puntuación, de acordo ó disposto no informe de valoración das ofertas admitidas, emitido ó respecto pola traballadora Social, Dona Milagros Sanmartín Fraga o 23 de setembro de 2015, para a perfección da adxudicación do contrato.

Transcorrido o prazo de presentación da documentación requirida, non consta achega da mesma por parte do licitador, polo que, se require **á mercantil Vego Supermercados SA, que a presente, dado que a súa proposición foi a segunda máis valorada, de acordo ao informe da traballadora social, sinalado no parágrafo anterior.**

En data 4 de novembro de 2015, Dona María Jesús Buján Otero, en nome e representación de Vego Supermercados SA, presentou a documentación requirida.

Vista a documentación, compróbase que as certificacións xustificativas de atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, tanto do Estado, como da Comunidade Autónoma de Galicia, e coa Tesourería da Seguridade Social, teñen data posterior á da presentación do proposición (28/08/2015), o que contradí o sinalado no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe esta contratación.

Porén, de acordo ao Informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal, de data 9 de novembro de 2015, complementario do anterior Informe de fiscalización de 5 de outubro de 2015, que considera, non rexeitar a documentación presentada e consecuentemente, non declarar deserto o contrato, fiscalízase favorablemente a documentación presentada previa a adxudicación do contrato da “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN, ASEO, HIXIENE E SIMILARES PARA



O SERVIZO DE EMERXENCIA SOCIAL”, en favor da mercantil Vego Supermercados SA.

En base ao anteriormente exposto, **esta Presidencia, en uso das súas atribucións, Resolve:**

Primeiro: Non rexeitar a documentación presentada e consecuentemente, non declarar deserto o contrato.

Segundo: Adxudicar o contrato da “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN, ASEO, HIXIENE E SIMILARES PARA O SERVIZO DE EMERXENCIA SOCIAL”, A MERCANTIL “VEGO SUPERMERCADOS SA”, QUE OFERTOU UN DESCENTO DO CINCO POR CENTO (5%) A APLICAR EN TODOS OS PRODUTOS QUE SE ADQUIRAN.

Terceiro: Debe procederse a formalización en documento administrativo do contrato respectivo dentro dos QUINCE (15) DÍAS HÁBILES seguintes ao da notificación da presente resolución de adxudicación ao adxudicatario, conforme o sinalado na **cláusula 13ª** do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto: O acordo de adxudicación notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante, de acordo co sinalado na cláusula 12ª do prego que rexe este contrato.

Dada en Sanxenxo a dez de novembro de dous mil quince.

O presidente de Terra

Gonzalo González Pita

ante mi, secretario de Terra

Angel Luis López Pita

